



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONCERTO SOCIAL

Artigo 10.2.a) do Decreto 229/2020, do 17 do decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONCERTO SOCIAL DO SERVIZO DE XESTIÓN DOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR DE LALÍN, VERÍN E CERVO, INCLUÍNDO UN PROGRAMA DE FORMACIÓN E APOIO Á PARENTALIDADE POSITIVA EN CADA DISPOSITIVO

A. Necesidade do concerto social e da concorrencia das circunstancias que fagan necesario acudir á convocatoria dun concerto social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumida segundo o artigo 14.1.a) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a función de exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, segundo o disposto na Lei 3/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

O artigo 36 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia establece que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto a través dos departamentos competentes en materia de familia e xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar.

O apoio familiar, constitúe de acordo co establecido na lei, un proceso encamiñado a facilitar unha dinámica familiar positiva, a solución dos problemas e a toma de decisións, ademais de potenciar e desenvolver os recursos familiares.



Así mesmo, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, garante a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre os e as menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Esta dirección xeral ten previsto formalizar mediante procedemento de asignación de concerto social a provisión do servizo arriba referido. Este concerto social terá vixencia dende a súa formalización (prevista para o 01/07/2026) ata o 30/06/2029, con posibilidade das prórrogas sinaladas no artigo 8 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, en caso de existir crédito adecuado e suficiente.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, considera prioritario prestar un servizo punto de encontro nas localidades de Lalín, Verín e Cervo que facilite a preservación da relación entre os/as menores e as persoas das súas familias cando atravesan momentos de crise familiar, que garanta a seguridade e o benestar dos/as menores favorecendo así a relación familiar e o cumprimento do réxime de visitas.

A prestación do servizo do punto de encontro familiar en Lalín, Verín e Cervo está dirixido especialmente a:

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental das fillas e dos fillos a manter a relación con ambas as dúas persoas proxenitoras despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.
- Procurar a seguridade da persoa menor no cumprimento do réxime de visitas e prever situacións de violencia.
- Facilitar orientación profesional para mellorar as relacións materno/paterno-filiais e as habilidades parentais de crianza.

Para a consecución dos obxectivos, establecidos no artigo 4 do Decreto 96/2014, do 4 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, no punto de encontro familiar poderán desenvolverse os seguintes tipos de intervención, respecto da execución do réxime de visitas: entregas e recollidas dos/das menores, visitas supervisadas e visitas tuteladas. Así mesmo, poderanse realizar intervencións, actuacións e accións complementarias, como: o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os/as menores; orientación e apoio familiar;



intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras; intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar; e o rexistro e documentación das actividades realizadas.

O contido desta actuación está plenamente xustificado, toda vez que o artigo 36 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, antes referido, establece que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posibles, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

Neste sentido, e co obxecto de garantir a transparencia e concorrencia na prestación dos servizos sociais, considérase necesario iniciar o procedemento de asignación de concerto social ao que se refire esta memoria.

A finalidade deste procedemento será a execución do réxime de concerto social para a provisión do servizo dos seguintes puntos de encontro familiar da Rede Pública autonómica de puntos de encontro familiar, incluíndo un programa de formación e apoio á parentalidade positiva en cada dispositivo:

Centro	Enderezo
Punto de Encontro Familiar de Lalín	Rúa Manuel Rivero n º5
Punto de Encontro Familiar de Verín	Rúa San Rosendo nº 31, 33 e 35
Punto de Encontro Familiar de Cervo	Rúa do Muíño nº 2

O emprego da figura do concerto social está xustificado na incorporación desta figura á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, como mecanismo que permite á Administración impulsar as súas relacións coas entidades prestadoras deste tipo de servizos e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Esta modalidade está xustificada pola Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, na que se lle recoñece aos Estados membros e aos poderes públicos a capacidade de organizaren os servizos sociais de modo que non sexa necesario formalizar contratos públicos, sempre que no dito sistema se garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. En termos semellantes se expresa a Lei 9/2017, do 8 de novembro,



de contratos do sector público, toda vez que a través dela se traspón ao ordenamento xurídico español a dita directiva.

Ademais, o emprego do concerto social neste caso axústase ao disposto no Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O seu artigo 2 indica que se poderá empregar esta figura coas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen.

Os puntos de encontro familiar están previstos no Decreto 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.

En concreto, o punto 1.8.3 do Anexo desta norma refírese ao *"Servizo de Orientación, mediación e intervención familiar"* No seu apartado 1.8.3 contempla a *modalidade de apoio ao encontro familiar*.

Por último o recurso á figura do concerto social asegura a concorrencia e transparencia esixida pola Comisión Europea.

B. Modalidade do concerto social

A modalidade de concertación que se empregará consiste no procedemento de asignación de concertos, regulado no artigo 9 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

C. Idoneidade do concerto social

A carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, definida no Decreto 192/2015, establece un servizo de orientación, mediación e intervención familiar na súa modalidade de apoio ao encontro familiar . O dito servizo defínese como o conxunto de intervencións de carácter técnico profesional no ámbito familiar destinado a facilitar e preservar a relación entre as persoas menores e as persoas membros das súas familias en situación de crise; procura a seguridade e o benestar dos menores , nenas e adolescentes, favorece a relación coas familias e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Trátase dun servizo especializado e temporal, prestado en equipamentos sociais de carácter neutral, para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola



autoridade competente, que ten por obxecto favorecer as relacións entre as persoas menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou outros suposto de interrupción da convivencia familiar o exercicio do dereito de visitas se ve interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O concerto social é un novo mecanismo que permite impulsar a relación da Consellería de Política Social e Igualdade coas entidades prestadoras de servizos sociais e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Á súa vez, incorpora na provisión dos servizos sociais os principios de atención personalizada e integral e calidade da prestación, o que supón un modelo axeitado para levar a cabo intervencións no ámbito familiar destinadas a facilitar que os nenos, nenas e mozos poidan manter relacións cos seus familiares ou persoas achegadas durante os procesos e situacións de separación, divorcio, protección a infancia e adolescencia ou outros supostos de interrupción da convivencia familiar.

É por isto que se considera axeitado este mecanismo do concerto social para levar a cabo a provisión do servizo de xestión dos puntos de encontro familiar de Lalín, e Verín e Cervo.

D. Xustificación dos criterios de selección e dos requisitos establecidos para acollerse ao concerto social.

1. Criterios de selección e preferencia

1.1. Para a formalización deste concerto, de acordo co artigo 33 quinquies 5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, darase prioridade ás entidades sen ánimo de lucro, cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que, en todo caso, se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Cando non se dean análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, ou en ausencia de entidades de iniciativa social, a Administración poderá concertar co resto de entidades prestadoras de servizos sociais.

1.2. Neste procedemento de asignación de concerto establécense os seguintes criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar:

1º. Adecuación do Proxecto de xestión e intervención no punto de encontro aos obxectivos técnicos a abordar nos puntos de encontro familiar (ata 65 puntos):



A. Metodoloxía da intervención (ata 36 puntos), baremado de acordo cos seguintes criterios:

- a.1) Fundamentación teórica e normativa-Ata 3 puntos
- a.2) Contextualización. Detección de necesidades. Ata 3 puntos
- a.3) Fases e procedemento de intervención. Protocolos de actuación nas distintas fases. Ata 13 puntos
- a.4) Sistema de rexistro e seguimento da intervención. Ata 5 puntos
- a.5) Avaliación da intervención e da calidade do servizo. Ata 6 puntos:
 - a.5.1) Planificación do proceso de avaliación, procedemento, indicadores e instrumentos. Ata 3 puntos
 - a.5.2) Procedemento de atención e resposta á queixa das familias usuarias. Ata 1,5 puntos
 - a.5.3) Procedementos de participación das persoas usuarias na avaliación dos servizos que presta o punto de encontro. Ata 1,5 puntos
- a.6) Protocolos de coordinación externa, en particular cos xulgados e a entidade pública con competencias en materia de familia e menores. Ata 6 puntos

B. Outros programas psico-educativos que reforcen a intervención do punto de encontro. Ata 6 puntos.

Valoraranse os programas que aborden aspectos favorecedores da normalización das relacións paterno/materno filiais, a superación da crise familiar, e a seguridade e benestar das e dos menores, a maiores do programa socioeducativo individualizado de intervención e das intervencións complementarias establecidas no Decreto.

C. Regulamento de Réxime Interno/ Normas de funcionamento. Ata 4 puntos.

Valorarase o desenvolvemento do seu contido mínimo dunha forma completa e clara de xeito que resulte comprensible para as persoas usuarias do punto de encontro en especial a súa adaptación a persoas con discapacidade, nenos e nenas de curta idade, persoas con dificultades para expresarse nas linguas oficiais ou calquera outra circunstancia que poida dificultar o acceso ou comprensión das normas.

D. Equipo profesional. Ata 5 puntos

- d.1) Responsabilidades e reparto de tarefas. Organización e coordinación interna do punto de encontro. Ata 2 puntos.



d.2) Plan de formación do equipo profesional. Ata 3 puntos

Valoraranse a adecuación do seu contido, metodoloxía e recursos así como o seu impacto na actividade desempeñada polo equipo profesional do punto de encontro.

E. Recursos materiais. Ata 4 puntos

e.1) Material lúdico e educativo. Ata 2 puntos

Valorarase o seu carácter educativo e pedagóxico e a súa adaptación a diferentes tramos de idade.

e.2) Material divulgativo editado pola entidade e posto a dispor dos usuarios do punto de encontro familiar que aborde contidos dirixidos á mellora da intervención (parentalidade positiva, situacións de separación, e/ou divorcio e a súa influencia nas relacións parentais e na evolución das persoas menores, violencia de xénero, mediación e técnicas de mediación, habilidades sociais) Indicarase o número de exemplares a editar. Só se valorarán as impresións a partir de 100 exemplares. A dita puntuación asignarase como segue:

1 exemplar de material informativo cunha tirada entre 100 e 250 impresións
0,5 puntos

1 exemplar de material informativo cunha tirada superior a 250 impresións
1 punto

2 exemplares de material informativo cunha tirada de entre 100 e 250 impresións
cada exemplar 1,5 punto

2 Exemplares de material informativo cunha tirada superior a 250 impresións cada
exemplar ou 3 ou máis exemplares de material informativo cunha tirada superior a
100 impresións por exemplar 2 puntos

F. Tratamento da información. Ata 2 puntos

f.1) Ferramentas e sistemas utilizados para o manexo dos datos e información.
Descrición e uso. Ata 1 punto

f.2) Tratamento da información de carácter persoal. Ata 1 punto

G. Servizo complementario de seguimento tras a finalización dun réxime de visitas polas causas previstas nas liñas c e d do artigo 14 do Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia (ata 8 puntos):

4 meses de seguimento despois do cese da intervención(ata 8 puntos).



3 meses de seguimento despois do cese da intervención (ata 6 puntos).

2 meses de seguimento despois do cese da intervención (ata 4 puntos).

1 mes de seguimento despois do cese da intervención(ata 2 punto).

O dito servizo complementario de seguimento debe documentarse nun protocolo.

2º Programa de formación e apoio á parentalidade positiva (ata 15 puntos):

A. Fundamentación e contextualización. Ata 1 punto

B. Obxectivos e necesidades. Ata 2 puntos

C. Contidos . Ata 4 puntos

D. Metodoloxía que inclúa un cronograma de actuación . Ata 4 puntos

E. Avaliación. Ata 2 puntos.

F. Difusión do programa. Ata 2 puntos.

O servizo de punto de encontro familiar, así como as actividades formación e apoio a parentalidade positiva a desenvolver no dito dispositivo deben adaptarse á estrutura sinalada nos apartados anteriores, axustándose ás seguintes características:

A súa extensión máxima 220 páxinas, con índice e anexos incluídos. Non se terán en conta os contidos que presenten a partir desta páxina. Considérase que 220 páxinas son espazo suficiente para o desenvolvemento correcto e axeitado dos contidos previstos para os proxectos dos distintos servizos.

As marxes: mínimo de 2 cm para a marxe inferior e superior e 2,5 cm para as laterais.

Interlineado: Sinxelo

Tipografía_ Arial 11 puntos

3º. Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade, ata 10 puntos.

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, valorarase a existencia na empresa de políticas en materia de conciliación da vida persoal familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución deste concerto do seguinte xeito:

A. Estar en posesión da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, ou equivalente (4 puntos)



B. Estar en posesión do Certificado de Empresa Familiarmente Responsable , ou equivalente (4 puntos)

C. Estar en posesión do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva , outorgado polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 xunto coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ou equivalente (2 puntos)

4º. Acreditación da experiencia profesional na prestación do servizo de punto de encontro ata un total de 10 puntos .Computarase un punto por ano.

Empregarase como primeiro criterio de desempate a preferencia das entidades sen ánimo de lucro fronte ao resto de entidades prestadoras de servizos sociais.

Como segundo criterio un número de integrantes do cadro de persoal con discapacidade superior ao 2% nos termos do artigo 147.1 a) da Lei 9/2017, de contratos do sector público e o Acordo do Consello da Xunta de 08/04/2010 así como o previsto no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias terá preferencia a entidade que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

2. Xustificación dos requisitos para acollerse ao concerto social

Para poderen acollerse ao réxime de concerto social, as entidades que presten servizos sociais deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar debidamente inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Contar coa solvencia suficiente, segundo os seguintes indicadores:

b.1 Solvencia económica e financeira

Reputarase solvente a entidade licitadora que acredite ter subscrito un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, ou un volume de negocios no ámbito das actividades correspondentes ao obxecto do concerto referido ao ano de maior volume de negocios dos últimos tres concluídos dispoñibles, por un importe igual ou superior ao 50% do importe medio anual do custe do lote do concerto social ao que se opte (IVE EXCLUÍDO), seguindo o seguinte cadro:



Lotes	Volume negocio
Lote 1	70.767,15 €
Lote 2	70.767,15 €
Lote 3	70.767,15 €

A súa acreditación efectuarase por medio de :

1. Unha declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade, na que se exprese o importe asegurado ou o volume de negocios referido ao ano de maior volume nos últimos tres dispoñibles, que debe ser igual ou superior aos valores indicados.

2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de achegar, se se lle solicita:

- Un certificado expedido pola aseguradora, na que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro. Así como o documento de compromiso vinculante da subscrición, prórroga ou renovación do seguro, no caso que sexa necesario, para garantir o mantemento da súa cobertura durante a execución do concerto.
- No seu caso, copia das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade estivera inscrita no citado rexistro. En caso contrario, deben presentar as contas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais, non inscritos no Rexistro Mercantil, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante copia dos seus libros de inventarios e contas anuais, legalizados polo Rexistro Mercantil.

b.2 Solvencia técnica e profesional:

Reputarase solvente a entidade concertante que acredite un ou varios servizos de natureza análoga ao obxecto deste concerto, realizados para algunha Administración Pública ou entidade pública ou privada (contabilizados ata a data do fin de prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria), cuxos importes acumulados no ano de maior execución dentro dos tres últimos, sexa igual ou superior ao 50% do importe medio anual do custe do lote do concerto social ao que se opte (IVE EXCLUÍDO), seguindo o seguinte cadro:

Lotes	Solvencia técnica e profesional
Lote 1	70.767,15 €
Lote 2	70.767,15 €
Lote 3	70.767,15 €



A súa acreditación efectuarase por medio de :

1. Unha declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade, na que figuren os principais servizos e traballos realizados de natureza análoga ao obxecto deste concerto nos últimos tres anos, computados ata a data de fin do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria, que inclúa importes, datas e destinatarios públicos ou privados.

2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de chegar, se se lle solicita:

- Se o destinatario fose unha entidade do sector público, copia da certificación de boa execución expedida ou visada polo órgano competente.
- Se o destinatario fose un suxeito privado, copia da certificación de boa execución expedida por este, ou, a falta de certificación, unha declaración responsable da entidade declarando ter realizado o traballo ou servizo a satisfacción de aquel, acompañado dos documentos que obren no poder do mesmo, que acrediten a realización da prestación.

c) Contar cunha experiencia mínima de atención á familia, á infancia e á adolescencia de 2 anos.

d) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, impostas pola lexislación vixente.

e) Estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se detallan no apartado K.3 desta resolución.

f) Estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

Os requisitos esixidos para a subscrición deste concerto adáptanse ao establecido no artigo 6 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que respecta á definición da solvencia económica e financeira, e da técnica e profesional, tomouse como criterio os baremos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, como normativa supletoria.

En Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

